

# DÍA DA XUVENTUDE

Goza dun amplo programa  
de actividades formativas e de ocio  
para conmemorar o Ano Europeo da Xuventude

---



30 concellos de Galicia



Xaneiro a Abril de 2023



XUNTA  
DE GALICIA

VEN,  
SUMA E  
PARTICIPA!

# QUE É?

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, pon en marcha un novo programa de lecer e educación non formal dirixido aos mozos e mozas galegos desde o mes de xaneiro ata o mes de abril de 2023.

No marco da propia **conmemoración do Ano Europeo da Xuventude**, búscase celebrar e poñer en valor o **“Día da Xuventude”** cunha **ampla programación formativa e de ocio** destinada tanto á mocidade galega como ás propias familias, dado que esta iniciativa tamén favorece a conciliación da vida familiar e laboral.

Este programa da Xunta de Galicia, que conta co financiamento do Ministerio de Igualdade en desenvolvemento do Plan Corresponsables, **recalará en ata 30 concellos diferentes das catro provincias galegas**.

# 5 OBXECTIVOS



Facilitar á mocidade galega a posibilidade de participar nun programa de actividades lúdico-formativas que contribúa ao seu **enriquecemento persoal mediante aprendizaxes non formais**.

---



Fomentar a **participación, o ocio e o lecer saudable** entre a mocidade galega.

---



Transmitir valores á xuventude a través de actividades que requiran do traballo en equipo, colaboración mutua e que fomenten o **respeto, a igualdade, a inclusión e o espírito deportivo**.

---



Achegar ás persoas mozas **información** dos programas que desenvolve a Xunta de Galicia destinados á mocidade, así como dos recursos públicos que están á súa disposición.

---



Ampliar as **ferramentas de conciliación e espazos de coidado** a disposición das familias galegas.



# ACTIVIDADES

Todas as actividades son 100% gratuítas!



## GASTRONOMÍA SAUDABLE

Xogos educativos e *showcooking* con produtos locais e de tempada.



## INFORMACIÓN XUVENIL

Caravana móbil como punto de información de recursos para a mocidade.



## SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Talleres dinámicos sobre a protección do medio, o cambio climático ou a reciclaxe.



## IGUALDADE DE XÉNERO

Relacións tóxicas vs. relacións de bo trato.



## TALLER DE GRAFFITI

Técnicas de aprendizaxe rápida e mural común.



## HABILIDADES PARA A EMPREGABILIDADE

Dinámicas grupais para a elaboración do currículo ou abordaxe dunha entrevista de traballo.



## LEGER EDUCATIVO

Fútbol burbulla, fútbolín humano, slackline e tiro con arco.



## AMENIZACIÓN CON DJ

Durante toda a xornada e actuación musical con artistas da contorna!

# DÍA DA XUVENTUDE

INFORMACIÓN PARA A MOCIDADE

GASTRONOMÍA SAUDBABLE

EMPREGABILIDADE

LEGER EDUCATIVO

GRAFFITI

DINAMIZACIÓN ARTÍSTICA

CONCIENCIACIÓN AMBIENTAL

Máis información



@xuventudegalicia



xuventude.xunta.es

**XUVENTUDE**



CORRESPONSABLES



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE IGUALDAD